

Ministerio de Xustiza consultará co Ministerio de Asuntos Exteriores para determina-la conveniencia ou oportunidade de facelo e, se é o caso, fixa-los termos da dita participación.

**Artigo 25. *Da celebración do xuízo e outras actuacións procesuais en España.***

Se a Corte propuxese a celebración do xuízo ou outras actuacións procesuais en España, o Ministerio de Xustiza, logo de consulta cos ministerios de Asuntos Exteriores e do Interior e outras autoridades competentes, comunicarlle á Corte a decisión ó respecto. Se é o caso, os aspectos non xurisdiccionais das ditas actuacións estarán sometidos ó acordo específico que se celebre coa Corte.

**Disposición adicional primeira. *Reglas de procedemento e proba da Corte.***

As regras de procedemento e proba así como as súas emendas publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

**Disposición adicional segunda. *Do modo de proceder polos delitos contra a Administración de xustiza pola Corte.***

1. O Ministerio de Xustiza remitiralle á Corte, por petición desta, o informe que se lle solicitase con carácter previo á decisión da Corte para exercer ou non a súa xurisdicción.

2. Só se poderá proceder en España en relación a estes delitos por solicitude da Corte.

3. Se a Corte se inhibise en favor da xurisdicción española, o Ministerio de Xustiza remitiralle a solicitude ó fiscal da Audiencia Nacional, se o delito fose cometido por un español no estranxeiro, ou ó fiscal xeral do Estado cando o delito se cometese en España.

4. O Ministerio de Xustiza informará a Corte sobre o resultado do proceso.

**Disposición adicional terceira. *Dos órganos xurisdiccionais militares.***

1. As referencias que esta lei fai ó Xulgado Central de Instrucción e á Sala do Penal da Audiencia Nacional débense entender feitas, cando a cooperación sexa da competencia da xurisdicción militar, ó Xulgado Togado Militar Central Decano e ó Tribunal Militar Central, respectivamente.

Nos mesmos casos, as referencias que a lei fai ó Ministerio Fiscal e ó Xulgado de Vixilancia Penitenciaria débense entender feitas ó fiscal xurídico militar e ó xuízo togado militar de Vixilancia Penitenciaria.

2. O disposto no punto 2 do artigo 7 desta lei entenderase sen prexuízo do establecido nas leis reguladoras da xurisdicción militar con respecto á competencia desta última nos casos de presenza permanente ou temporal, fóra de territorio nacional, de forzas ou unidades militares españolas, nin afectará tampouco o desempeño da función xurisdiccional polos órganos xudiciais militares que as acompañen.

**Disposición derradeira primeira. *Carácter desta lei.***

Os preceptos contidos nos artigos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 (excepto o seu punto 2), 15 e 21.3, a disposición adicional segunda e o punto 2 da disposición adicional terceira desta lei teñen carácter orgánico. Os restantes preceptos teñen carácter ordinario e foron dictados en exercicio do disposto no artigo 149.1.3.<sup>a</sup>, 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22716 LEI 52/2003, do 10 de decembro, de disposicións específicas en materia de Seguridade Social. («BOE» 296, do 11-12-2003.)**

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O carácter dinámico da regulación normativa da Seguridade Social, en razón dos constantes cambios sociais e da necesidade perentoria de acomodar a estes os criterios da protección que aquela dispensa, tradúcese nunha actualización constante das normas aplicables, producíndose unha mutabilidade normativa moi superior á experimentada noutras parcelas distintas de noso ordenamento xurídico.

A necesidade desta acelerada produción normativa no campo da Seguridade Social, no curso da anterior década, viñera propiciando, ademais da aprobación de non poucos novos textos legais, acudir ó recurso da correspondente Lei anual de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as chamadas «leis de acompañamento», e ás respectivas leis de orzamentos xerais do Estado, nas cales se viñeron incluíndo distintas disposicións en materia de Seguridade Social.

Non obstante, parece máis apropiado utilizar unha lei específica en que, sen os requisitos que se esixen con respecto ás materias reguladas naquelas leis, se lles poida dar acollida ós contidos que requiren dunha regulación legal.

Esta constitúe a finalidade desta lei, no contido da cal se engloban un conxunto de medidas relativas a aspectos substanciais, como a acción protectora do sistema, e a outros de carácter instrumental pero de non menor transcendencia, como os de xestión e financiamento.

En primeiro termo, delimitáanse os fins do sistema da Seguridade Social, de modo que se perfile legalmente con toda nitidez o réxime público de Seguridade Social disposto no artigo 41 da Constitución, e se enuncian os principios de universalidade, unidade, solidariedade e igualdade en que o dito sistema se fundamenta.

Como de maneira reiterada estableceu a doutrina do Tribunal Constitucional en relación co artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, correspóndelle ó Estado dentro da súa competencia exclusiva preservar-la unidade do sistema español de Seguridade Social e o mantemento dun réxime público, é dicir, único e unitario de

Seguridade Social para tódolos cidadáns (artigo 41 C.E.), que garanta o tempo a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes en materia de Seguridade Social (artigo 149.1.1.<sup>a</sup> C.E.) e faga efectivos os principios de solidariedade interterritorial e financeira e de unidade de caixa, impedindo a existencia de políticas diferenciadas de Seguridade Social en cada unha das comunidades autónomas.

No plano organizativo e competencial, atribúeselle ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais o exercicio das funcións económico-financieiras da Seguridade Social.

En materia de cotización e recadación prodúcense numerosas e profundas modificacións coas que se persegue diferentes obxectivos. Neste sentido, cabe resalta-la introducción de maior flexibilidade na concesión de aprazamentos para facilita-las regularizacións nas situacións de morosidade, e a simplificación e a axilización e a mellora dos procesos recadatorios, así como a aproximación da regulación recadatoria da Seguridade Social á que rexe no ámbito tributario, procedéndose, con tal finalidade, a modificacións como, por exemplo, as seguintes: a eliminación da obriga de presentación dos documentos de cotización con respecto a determinados réximes especiais; o establecemento dunha recarga única, en lugar dos precedentes de mora e de constrinximento, incorporando os xuros de demora, e eliminando, para determinados supostos, a reclamación de débeda; a reordenación dos aprazamentos, en especial no relativo ó xuro legal aplicable, que se concilia co xuro de demora, e o perfeccionamento dos procedementos recadatorios seguidos fronte ó sector público, en especial os entes locais.

En materia de cesión de datos de carácter persoal, procédese a unha ampliación da regulación ata hoxe vixente para considerar tamén outros fins diferentes dos estritamente recadatorios.

Con respecto ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, clarifícase o réxime aplicable á xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

No atinxente ó réxime económico, introdúcense modificacións en materia de patrimonio, enchéndose o baleiro normativo ata agora existente en relación coas funcións que lles corresponden ás administracións públicas e entidades de dereito público con respecto ós bens inmobles do patrimonio da Seguridade Social que lles fosen adscritos ou transferidos, e mellórase o réxime de cesión de bens inmobles no suposto de que non resulten necesarios para o cumprimento dos fins do sistema.

No ámbito da responsabilidade verbo das prestacións, régúlase o alcance da responsabilidade empresarial en determinados supostos especiais.

Polo que se refire á materia de acción protectora, as modificacións introducidas abranguen diversas prestacións.

Con relación á incapacidade permanente, e en liña co operado na reforma de 1997 en relación coa pensión de xubilación, determínase o cómputo do período de cotización esixible e a forma de cálculo da base reguladora da pensión nos supostos en que se accede a esta desde unha situación de alta ou asimilada á de alta, sen obriga de cotizar; así mesmo, precísanse os prazos que deben discorrer para efectos de instar a revisión da incapacidade; por último, establécese a presunción de que o interesado outorgou o seu consentimento, salvo oposición expresa por escrito, en relación coa remisión polas institucións sanitarias dos datos e informes médicos do interesado, para efectos tanto da declaración da incapacidade permanente como do recoñecemento ou mantemento da percepción das prestacións de inca-

pacidade temporal, orfandade ou asignacións familiares por fillo a cargo, co fin de axiliza-la tramitación dos correspondentes expedientes e evita-la innecesaria repetición de probas médicas. No referente á pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva, posibilitase a súa concorrencia coas percepcións derivadas dos programas de renda activa de inserción. No relativo ás prestacións por morte e supervivencia, explícanse os termos en que se deba de acredita-lo período de carencia esixido para acceder á pensión de viuvez desde situación de non alta e danse regras sobre o réxime de compatibilidade no suposto de concorrencia de pensións por supervivencia causadas en diferentes réximes. Por outra parte, procédese á reordenación da regulación das prestacións familiares da Seguridade Social, con tres obxectivos básicos: clarifica-la natureza desta clase de prestacións e, á súa vez, sistematiza-las normas legais aplicables incluíndo nun único corpo legal a regulación de tódalas prestacións familiares, evitando a actual dispersión. Na nova ordenación configúranse como prestacións de natureza non contributiva a totalidade das prestacións familiares da Seguridade Social, excepto a consideración como período de cotización efectiva do primeiro ano de excedencia con reserva de posto de traballo de que os traballadores gocen por razón do coidado de cada fillo nacido ou adoptado, ou de acollemento permanente ou preadoptivo de menores acollidos. Ademais, seguindo as previsións contidas no Plan Integral de Apoio á Familia (2001-2004), aprobado polo Goberno o 8 de novembro de 2001, prevese a extensión das prestacións familiares a tanto alzado ós supostos de adopción ou polo coidado doutros familiares. Igualmente, e en adecuación á Lei sobre protección ás familias numerosas, procédese a introduci-las modificacións correspondentes para tales supostos.

Finalmente, introdúcense algúns axustes no réxime xurídico e económico aplicable á asistencia sanitaria, derivada de continxencias comúns, dos funcionarios procedentes do extinguido réxime especial de funcionarios da Administración local.

Tamén, en conexión co dereito a protección, se regula, de maneira uniforme e superando as diferencias entre réximes agora existentes, a esixencia do requisito de estar ó día no pagamento de cotizacións para o acceso ás prestacións, cando os traballadores sexan responsables do ingreso por tal concepto.

En último termo, modifícanse así mesmo algunhas materias incluídas noutros corpos legais, pero que teñen unha estreita conexión co ordenamento da Seguridade Social. Tal é o caso das modificacións que se introducen na Lei de procedemento laboral, para residenciar na orde xurisdiccional contencioso-administrativa o coñecemento de tódalas pretensións relativas ás relacións xurídicas instrumentais (inscrición, altas, baixas, cotización e recadación) e na Lei sobre infraccións e sancións na orde social, para tipificar como infracción grave a non transmisión por parte dos obrigados ou acollidos ó sistema RED dos datos relativos á inscrición de empresas, afiliación e altas de traballadores, como infracción leve a non transmisión igualmente por parte dos obrigados ou acollidos ó sistema RED dos datos relativos ás baixas e variacións de datos dos traballadores, como infracción grave o non ingreso de cotas tendo presentados os documentos, pasando a moi grave cando se omitise tal presentación e se retívase a achega do traballador. Igualmente, procédese a residenciar na orde xurisdiccional social o coñecemento das cuestións en materia de sancións que as entidades xestoras lles impoñan ós traballadores e beneficiarios de prestacións.

## Artigo 1. *Principios e fins da Seguridade Social.*

Un. Modifícase o artigo 2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Principios e fins da Seguridade Social.*

1. O sistema da Seguridade Social, configurado pola acción protectora nas súas modalidades contributiva e non contributiva, fundaméntase nos principios de universalidade, unidade, solidariedade e igualdade.

2. O Estado, por medio da Seguridade Social, garántelles ás persoas comprendidas no campo de aplicación desta, por cumprí-los requisitos esixidos nas modalidades contributiva ou non contributiva, así como ós familiares ou asimilados que tivesen ó seu cargo, a protección adecuada fronte ás continxencias e nas situacións que se recollen nesta lei.»

Dous. Introdúcese un novo punto 4 no artigo 38 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«4. Calquera prestación de carácter público que teña por finalidade completar, ampliar ou modificar as prestacións económicas da Seguridade Social, tanto nas súas modalidades contributiva como non contributiva, forma parte do sistema da Seguridade Social e está suxeita ós principios regulados no artigo 2 desta lei.»

## Artigo 2. *Competencias do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.*

Dáselle unha nova redacción á alínea c) do punto 2 do artigo 5 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«c) O desenvolvemento das funcións económico-financieiras da Seguridade Social, con excepción das encomendadas na Lei xeral orzamentaria e disposicións concordantes ó Ministerio de Facenda ou, se é o caso, a outros órganos a que a dita lei lles outorgue competencias específicas na materia, e de dirección e tutela das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, así como das entidades que colaboren na xestión desta, podendo suspender ou modificar os poderes e as facultades destes nos casos e coas formalidades e requisitos que se determinen regulamentariamente.»

## Artigo 3. *Aprazamento de pagamento.*

Modifícase o artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 20. *Aprazamento de pagamento.*

1. A Tesourería Xeral da Seguridade Social, por solicitude do debedor e nos termos e coas condicións que regulamentariamente se establezan, poderá conceder aprazamento do pagamento das débedas coa Seguridade Social, que suspenderá o procedemento recadatorio que se establece nesta lei.

2. O aprazamento non poderá comprender as cotas correspondentes á achega dos traballadores

e ás continxencias de accidente de traballo e enfermidade profesional. A eficacia da resolución administrativa de concesión quedará supeditada ó ingreso das que se puidesen deber no prazo máximo dun mes desde a súa notificación.

3. O aprazamento comprenderá o principal da débeda e, se é o caso, as recargas, xuros e custas do procedemento que fosen esixibles na data de solicitude, sen que a partir da concesión se poidan considerar esixibles outros, a salvo do que se dispón para o caso de incumprimento.

4. O cumprimento do aprazamento deberase asegurar mediante garantías suficientes para cubri-lo principal da débeda, recargas, xuros e custas, considerándose incumplido se non se constituísen os dereitos persoais ou reais de garantía que estableza a resolución de concesión, no prazo que esta determine.

Non será esixible a dita obriga nos supostos que, en razón á contía da débeda aprazada ou da condición do beneficiario, se establezan regulamentariamente. Excepcionalmente, poderase eximir total ou parcialmente do requisito establecido no parágrafo anterior cando concorran causas de carácter extraordinario que así o aconsellen.

5. O principal da débeda, as recargas sobre ela e as custas do procedemento que fosen obxecto de aprazamento devengarán xuro, que será esixible desde a súa concesión ata a data de pagamento, conforme o tipo de xuro legal do diñeiro que se encontre vixente en cada momento durante a duración do aprazamento. O dito xuro será o de demora se o debedor fose eximido da obriga de constituír garantías por causas de carácter extraordinario.

6. En caso de incumprimento de calquera das condicións ou pagamentos do aprazamento, proseguirase, sen máis trámite, o procedemento de constrinximento que se iniciase antes da concesión. Dictarase, así mesmo, sen máis trámite providencia de constrinximento por aquela débeda que non fose xa constrinxida, á que se lle aplicará a recarga do 20 por cento do principal, se se presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario de ingreso, ou do 35 por cento, en caso contrario.

En todo caso, os xuros de demora que se esixan serán os devengados desde o vencemento dos respectivos prazos regulamentarios de ingreso.

7. Considerarase incumplido o aprazamento no momento en que o beneficiario deixe de manterse ó día no pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social, con posterioridade á concesión.»

## Artigo 4. *Xuros de demora.*

Modifícase a alínea b) do punto 1.1 do artigo 23 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«b) O xuro de demora previsto no artigo 28.3 desta lei, aplicado ás cantidades indebidamente ingresadas polo tempo transcorrido desde a data do seu ingreso na Tesourería Xeral da Seguridade Social ata a proposta de pagamento.

En todo caso, o tipo de xuro de demora aplicable será o vixente durante o período en que o dito xuro se devengue.»



**Artigo 5. Recadación en período voluntario e en vía executiva.**

Dáselle unha nova redacción ó artigo 25, ó punto 1 do artigo 26 e ós artigos 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33 e 34 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

Un.

«Artigo 25. *Efectos da falta de pagamento en prazo regulamentario.*

A falta de pagamento da débeda dentro do prazo regulamentario de ingreso establecido determinará a aplicación da recarga e o devengo dos xuros de demora nos termos fixados nesta lei.

A recarga e os xuros de demora, cando sexan esixibles, ingresaránse conxuntamente coas débedas sobre as que recaían.

Cando o ingreso fóra do prazo regulamentario sexa imputable a erro da Administración, sen que esta actúe en calidade de empresario, non se aplicará recarga nin se devengarán xuros.»

Dous.

«Artigo 26. *Presentación dos documentos de cotización e compensación.*

1. Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar deberán efectuar a súa liquidación e pagamento con suxeición ás formalidades ou polos medios electrónicos, informáticos e telemáticos que regulamentariamente se establezan, debendo realizala transmisión das respectivas liquidacións ou a presentación dos documentos de cotización dentro dos prazos regulamentarios establecidos mesmo cando non se ingresen as cotas correspondentes, ou se ingrese exclusivamente a achega do traballador. A dita presentación ou transmisión ou a súa falta producirán os efectos sinalados nesta lei e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Non será esixible, sen embargo, a presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario respecto das cotas dos réximes especiais dos traballadores por conta propia ou autónomos, empregados de fogar, cotas fixas do réxime especial agrario e do réxime especial do mar, cotas do seguro escolar e calquera outra cota fixa que se puidese establecer, sempre que os suxeitos obrigados a que se refiran as ditas cotas fosen dados de alta no prazo regulamentariamente establecido. En tales casos, será aplicable o previsto nesta lei para os supostos en que, existindo a dita obriga, se presentasen os documentos de cotización en prazo regulamentario.»

Tres.

«Artigo 27. *Recargas por ingreso fóra de prazo.*

1. Transcorrido o prazo regulamentario establecido para o pagamento das cotas á Seguridade Social sen ingreso destas e sen prexuízo das especialidades previstas para os aprazamentos, devengaránse as seguintes recargas:

1.1 Cando os suxeitos responsables do pagamento presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario:

a) Recarga do tres por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas dentro do primeiro mes seguinte ó vencemento do prazo regulamentario.

b) Recarga do cinco por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas dentro do segundo mes seguinte ó vencemento do prazo regulamentario.

c) Recarga do 10 por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas dentro do terceiro mes seguinte ó vencemento do prazo regulamentario.

d) Recarga do 20 por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas a partir do terceiro mes seguinte ó vencemento do prazo regulamentario.

1.2 Cando os suxeitos responsables do pagamento non presentasen os documentos de cotización dentro do prazo regulamentario:

a) Recarga do 20 por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas antes da finalización do prazo de ingreso establecido na reclamación de débeda ou acta de liquidación.

b) Recarga do 35 por cento da débeda, se se aboasen as cotas debidas a partir da finalización do devandito prazo de ingreso.

2. As débedas coa Seguridade Social que teñan carácter de ingresos de dereito público e o obxecto das cales estea constituído por recursos distintos a cotas, cando non se aboan dentro do prazo regulamentario que teñan establecido, incrementaranse coa correspondente recarga prevista no punto 1.1 anterior, segundo a data do pagamento da débeda.»

Catro.

«Artigo 28. *Xuros de demora.*

1. Os xuros de demora polas débedas coa Seguridade Social serán esixibles, en todo caso, se non se aboase a débeda unha vez transcorridos quince días desde a notificación da providencia de constrinximento ou desde a comunicación do inicio do procedemento de deducción.

Así mesmo, serán esixibles os ditos xuros cando non se aboase o importe da débeda no prazo fixado nas resolucións desestimatorias dos recursos presentados contra as reclamacións de débeda ou actas de liquidación, se a execución das ditas resolucións fose suspendida nos trámites do recurso contencioso-administrativo que contra elas se interpuxese.

2. Os xuros de demora esixibles serán os que devengase o principal da débeda desde o vencemento do prazo regulamentario de ingreso e os que devengase, ademais, a recarga aplicable no momento do pagamento, desde a data en que, segundo o punto anterior, sexan esixibles.

3. O tipo de xuro de demora será o xuro legal do diñeiro vixente en cada momento do período de devengo, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza un diferente.»

Cinco.

«Artigo 29. *Imputación de pagamentos.*

Sen prexuízo das especialidades previstas nesta lei para os aprazamentos e no ordenamento xurídico para o debedor incurso en procedemento concursal, o cobramento parcial da débeda constrinxida imputarase, en primeiro lugar, ó pagamento da que fose obxecto do embargo ou garantía a execución da cal producise o dito cobramento e, logo,

ó resto da débeda. Tanto nun caso coma noutro, o cobramento aplicarase primeiro ás custas e, logo, ós títulos máis antigos, distribuíndose proporcionalmente o importe entre principal, recarga e xuros.»

Seis.

«Artigo 30. *Reclamacións de débedas.*

1. Transcorrido o prazo regulamentario sen ingreso das cotas debidas, a Tesourería Xeral da Seguridade Social reclamaralle o seu importe ó suxeito responsable incrementado coa recarga que proceda, conforme o disposto no artigo 27 desta lei, nos seguintes supostos:

a) Falta de cotización respecto de traballadores dados de alta, cando non se presentasen os documentos de cotización en prazo regulamentario ou cando, presentándose, conteñan erros aritméticos ou de cálculo que resulten directamente de tales documentos. Se estas circunstancias fosen comprobadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, comunicarallo á Tesourería Xeral da Seguridade Social coa proposta de liquidación que proceda.

b) Falta de cotización en relación con traballadores dados de alta que non consten nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario, respecto dos que se considerará que non foron presentados os ditos documentos.

c) Diferencias de importe entre as cotas ingresadas e as que legalmente corresponda liquidar, debidas a erros aritméticos ou de cálculo que resulten directamente dos documentos de cotización presentados.

d) Débedas por cotas das que non lle corresponda a liquidación á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Procederá tamén reclamación de débeda cando, en atención ós datos que constan na Tesourería Xeral da Seguridade Social e por aplicación de calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas de Seguridade Social, se deba esixir-lo pagamento das ditas débedas:

a) Ós responsables solidarios, caso en que a reclamación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria, as recargas, xuros e custas devengados ata o momento en que se emita a dita reclamación.

b) O responsable subsidiario, por non ter ingresado este o principal debido polo debedor inicial no prazo regulamentario sinalado na comunicación que, neste caso, se libre para tal efecto.

c) A quen asumise a responsabilidade por causa da morte do debedor orixinario, neste caso, a reclamación comprenderá o principal da débeda, as recargas, xuros e custas devengados ata que se emita.

3. Os importes esixidos nas reclamacións de débedas por cotas, impugnadas ou non, deberanse facer efectivos dentro dos prazos seguintes:

a) As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.

b) As notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.

4. As débedas coa Seguridade Social por recursos distintos a cotas serán obxecto igualmente de reclamación de débeda, en que se indicará o importe desta, así como os prazos regulamentarios de ingreso.

5. A interposición de recurso de alzada contra as reclamacións de débeda só suspenderá o procedemento recadatorio cando se garanta con aval suficiente ou se consigne o importe da débeda, incluída, se é o caso, a recarga en que se incorrese.

En caso de resolución desestimatoria do recurso, transcorrido o prazo de 15 días desde a súa notificación sen pagamento da débeda, iniciárase o procedemento de constrinximento mediante a expedición da providencia de constrinximento ou o procedemento de deducción, segundo proceda.»

Sete.

«Artigo 31. *Actas de liquidación de cotas.*

1. Procederá a formulación de actas de liquidación nas débedas por cotas orixinadas por:

a) Falta de afiliación ou de alta de traballadores en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social.

b) Diferencias de cotización por traballadores dados de alta, cando as ditas diferencias non resulten directamente dos documentos de cotización presentados dentro ou fóra do prazo regulamentario.

c) Derivación da responsabilidade do suxeito obrigado ó pagamento, calquera que sexa a súa causa e réxime da Seguridade Social aplicable, e de acordo con calquera norma con rango de lei que non exclúa a responsabilidade por débedas de Seguridade Social. Nos casos de responsabilidade solidaria legalmente previstos, a Inspección poderá estender acta a tódolos suxeitos responsables ou a algún deles, caso en que a acta de liquidación comprenderá o principal da débeda a que se estenda a responsabilidade solidaria, as recargas, xuros e custas devengadas ata a data en que se redacte a acta.

Nos casos a que se refiren as alíneas anteriores a), b) e c), a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderalles formular requirimentos ós suxeitos obrigados ó pagamento de cotas debidas por calquera causa, logo de recoñecemento da débeda por aqueles ante o funcionario actuante. Neste caso, o ingreso da débeda por cotas contida no requirimento será feito efectivo ata o último día do mes seguinte ó da súa notificación. En caso de incumprimento do requirimento procederase a estender acta de liquidación e de infracción por non pagamento de cotas.

As actas de liquidación de cotas serán estendidas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, notificándose en tódolos casos a través dos órganos da dita inspección que, así mesmo, notificarán as actas de infracción practicadas polos mesmos feitos, na forma que regulamentariamente se estableza.

2. As actas de liquidación estendidas cos requirimentos regulamentariamente establecidos, unha vez notificadas ós interesados, terán o carácter de liquidacións provisionais e elevaranse a definitivas mediante acto administrativo do respectivo xefe da unidade especializada de Seguridade Social da Inspección de Traballo e Seguridade Social, logo de audiencia do interesado. Contra os devanditos actos liquidatorios definitivos caberá recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico do que

os dictou. Das actas de liquidación daráselles traslado ós traballadores, podendo os que resulten afectados interpoñer reclamación respecto do período de tempo ou da base de cotización a que a liquidación se contrae.

3. Os importes das débedas figurados nas actas de liquidación serán feitos efectivos ata o último día do mes seguinte ó da súa notificación, unha vez dictado o correspondente acto administrativo definitivo de liquidación, iniciándose noutro caso o procedemento de deducción ou o procedemento de constrinximento nos termos establecidos nesta lei e nas normas de desenvolvemento.

4. As actas de liquidación e as de infracción que se refiran ós mesmos feitos serán practicadas simultaneamente pola Inspección de Traballo e Seguridade Social. A competencia e o procedemento para a súa resolución son os sinalados no punto 2 deste artigo.

As sancións por infraccións propostas nas ditas actas de infracción reduciranse automaticamente ó 50 por cento da súa contía, se o infractor dese a súa conformidade á liquidación practicada ingresando o seu importe no prazo sinalado no punto 3.»

Oito.

«Artigo 32. *Determinación das débedas por cotas.*

1. As reclamacións de débedas por cotas estenderanse en función das bases declaradas polo suxeito responsable. Se non existise declaración, tomarase como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ó último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrada a categoría dos traballadores a que se refira a reclamación.

2. As actas de liquidación estenderanse de acordo coa remuneración total que teña dereito a percibi-lo traballador ou a que efectivamente perciba de ser esta superior en razón do traballo que realice por conta allea e que deba integra-la base de cotización nos termos establecidos na lei ou nas normas de desenvolvemento.

Cando a Inspección de Traballo e Seguridade Social se vexa na imposibilidade de coñece-lo importe das remuneracións percibidas polo traballador, estimarase como base de cotización a media entre a base mínima e máxima correspondente ó último grupo de cotización coñecido en que estivese encadrada a categoría dos traballadores a que se refira a acta de liquidación.»

Nove.

«Artigo 33. *Medidas cautelares.*

Para asegura-lo cobramento das débedas coa Seguridade Social, a Tesourería Xeral desta poderá adoptar medidas cautelares de carácter provisional cando existan indicios racionais de que, noutro caso, o dito cobramento se verá frustrado ou gravemente dificultado.

a) As medidas haberán de ser proporcionadas ó dano que se pretenda evitar. En ningún caso se adoptarán aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.

A medida cautelar poderá consistir nalgunha das seguintes:

1.<sup>a</sup> Retención do pagamento de devolucións de ingresos indebidos ou doutros pagamentos que deba realiza-la Tesourería Xeral da Seguridade

Social, na contía estrictamente necesaria para asegura-lo cobramento da débeda.

A retención cautelar total ou parcial dunha devolución de ingresos indebidos deberalle ser notificada ó interesado xuntamente co acordo de devolución.

2.<sup>a</sup> Embargo preventivo de bens ou dereitos. Este embargo preventivo asegurase mediante a súa anotación nos rexistros públicos correspondentes ou mediante o depósito dos bens mobles embargados.

3.<sup>a</sup> Calquera outra legalmente prevista.

b) Cando a débeda coa Seguridade Social non se encontre liquidada pero se devengase e transcorre o prazo regulamentario para o seu pagamento, e sempre que corresponda a cantidades determinables pola aplicación das bases, tipos e outros datos obxectivos previamente establecidos que permitan fixar unha cifra máxima de responsabilidade, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá adoptar medidas cautelares que aseguren o seu cobramento, logo de autorización, no seu respectivo ámbito, do director provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, do director xeral desta ou autoridade en quen deleguen.

c) As medidas cautelares así adoptadas levantarase, mesmo cando non fose pagada a débeda, se desaparecen as circunstancias que xustificaron a súa adopción ou se, por solicitude do interesado, se acorda a súa substitución por outra garantía que se considere suficiente.

As medidas cautelares poderanse converter en definitivas no marco do procedemento de constrinximento. Noutro caso, levantarase de oficio, sen que se poidan prorrogar máis alá do prazo de seis meses desde a súa adopción.

d) Poderase acorda-lo embargo preventivo de diñeiro e mercadorías en contía suficiente para asegura-lo pagamento da débeda coa Seguridade Social que corresponda esixir por actividades e traballos lucrativos exercidos sen establecemento cando os traballadores non fosen afiliados ou, se é o caso, non fosen dados de alta na Seguridade Social.

Así mesmo, poderanse intervi-los ingresos dos espectáculos públicos das empresas os traballadores das cales non fosen afiliados nin dados de alta ou polos que non efectuasen as súas cotizacións á Seguridade Social.»

Dez.

«Artigo 34. *Providencia de constrinximento, impugnación desta, execución patrimonial e outros actos do procedemento executivo.*

1. Transcorrido o prazo regulamentario de ingreso e unha vez que adquiran firmeza en vía administrativa a reclamación de débeda ou a acta de liquidación nos casos en que estas procedan, sen que se satisfixese a débeda, iniciárase o procedemento de constrinximento mediante a emisión de providencia de constrinximento, na que se identificará a débeda pendente de pagamento coa recarga correspondente.

2. A providencia de constrinximento, emitida polo órgano competente, constitúe o título executivo suficiente para o inicio do procedemento de constrinximento pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e ten a mesma forza executiva que as sentencias xudiciais para proceder contra os



bens e dereitos dos suxeitos obrigados ó pagamento da débeda.

Na notificación da providencia de constrinximento advertirase o suxeito responsable de que se a débeda esixida non se ingresa dentro dos 15 días seguintes á súa recepción ou publicación serán esixibles os xuros de demora devengados e procederase ó embargo dos seus bens.

3. O recurso de alzada contra a providencia de constrinximento só será admisible polos seguintes motivos, debidamente xustificadas:

- a) Pagamento.
- b) Prescrición.
- c) Erro material ou aritmético na determinación da débeda.
- d) Condonación, aprazamento da débeda ou suspensión do procedemento.
- e) Falta de notificación da reclamación de débeda, cando esta proceda, da acta de liquidación ou das resolucións que estas ou as autoliquidacións de cotas orixinen.

A interposición do recurso suspenderá o procedemento de constrinximento, sen necesidade da presentación da garantía, ata a resolución da impugnación.

4. Se os interesados formulasen recurso de alzada ou contencioso-administrativo contra actos dictados no procedemento executivo distintos da providencia de constrinximento, o procedemento de constrinximento non se suspenderá se non se realiza o pagamento da débeda perseguida, se garante con aval suficiente ou se consigna o seu importe, incluídos a recarga, os xuros devengados e un tres por cento do principal como cantidade á conta das custas regulamentariamente establecidas, á disposición da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

5. A execución contra o patrimonio do debedor efectuarase mediante o embargo e a realización do valor ou, se é o caso, a adxudicación de bens do debedor á Tesourería Xeral da Seguridade Social. O embargo efectuarase en contía suficiente para cubri-lo principal da débeda, as recargas e os xuros e custas do procedemento que se causasen e se prevexa que se causen ata a data de ingreso ou da adxudicación a favor da Seguridade Social, con respecto sempre ó principio de proporcionalidade.

Se o cumprimento da obriga coa Seguridade Social estiver garantido mediante aval, peñor, hipoteca ou calquera outra garantía persoal ou real, procederase en primeiro lugar a executala, o que será realizado en todo caso polos órganos de recadación da Administración da Seguridade Social, a través do procedemento administrativo de constrinximento.

6. Se o debedor fose unha Administración pública, organismo autónomo, entidade pública empresarial ou, en xeral, calquera entidade de dereito público, o órgano competente da Tesourería Xeral da Seguridade Social, transcorridos os prazos a que se refire o punto 1 deste artigo, iniciará o procedemento de deducción, acordando, logo de audiencia da entidade afectada, a retención a favor da Seguridade Social na contía que corresponda por principal, recarga e xuros, sobre o importe total que con cargo ós orzamentos xerais do Estado deba transferirse á entidade debedora, quedando extinguida total ou parcialmente a débeda desde que a Tesourería Xeral da Seguridade Social aplique o importe retido ó pagamento desta.

Só se iniciará a vía de constrinximento sobre o patrimonio destas entidades, nos termos establecidos no punto 2 deste artigo, cando a lei prevexa que poidan te-la titularidade de bens embargables. Neste caso, e unha vez definitiva en vía administrativa a providencia de constrinximento, o órgano competente da Tesourería Xeral da Seguridade Social acordará a retención prevista no parágrafo anterior, sen prexuízo da continuación do procedemento de constrinximento sobre os bens embargables ata completa-lo cobramento dos débitos.

7. As custas e gastos que orixine a recadación en vía executiva serán sempre por conta do suxeito responsable do pagamento.

8. O Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, aprobará o oportuno procedemento para a cobranza dos débitos á Seguridade Social en vía de constrinximento.

9. O disposto nos números precedentes enténdese sen prexuízo do especialmente previsto no artigo 35 desta lei e na normativa reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.»

#### Artigo 6. *Datos de carácter persoal.*

Modifícanse os artigos 36 e 66 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

Un. O punto 6 do artigo 36 queda redactado nos termos seguintes:

«6. A cesión daqueles datos de carácter persoal, obxecto de tratamento automatizado, que se lle deba efectuar á Administración da Seguridade Social conforme o disposto neste artigo ou, en xeral, en cumprimento do deber de colaborar para a efectiva recadación dos recursos da Seguridade Social, non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito, tampouco será de aplicación o que, respecto ás administracións públicas, establece o punto 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Nos casos en que a cesión de datos sexa efectuada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, estes instrumentaranse preferentemente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.»

Dous. Suprímese o punto 7 do artigo 36.

Tres. Modifícase a rúbrica e o punto 1 do artigo 66, que quedan redactados nos termos seguintes:

«Artigo 66. *Reserva de datos e réxime de persoal.*

1. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se poderán utilizar para os fins encomendados ás distintas entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo que a cesión ou comunicación teña por obxecto:

- a) A investigación ou persecución de delitos públicos polos órganos xurisdiccionais, o ministerio público ou a Administración da Seguridade Social.
- b) A colaboración coas administracións tributarias para os efectos do cumprimento de obrigas fiscais no ámbito das súas competencias.
- c) A colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio da función ins-

pectora ou coas demais entidades xestoras da Seguridade Social distintas do cedente e demais órganos da Administración da Seguridade Social.

d) A colaboración con calquera outra Administración pública para a loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos, incluídos os da Unión Europea, así como na obtención ou percepción de prestacións incompatibles nos distintos réximes do sistema da Seguridade Social.

e) A colaboración coas comisións parlamentarias de investigación no marco legalmente establecido.

f) A protección dos dereitos e intereses dos menores ou incapacitados polos órganos xurisdiccionais ou o ministerio público.

g) A colaboración co Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización da Administración da Seguridade Social.

h) A colaboración cos xuíces e tribunais no curso do proceso e para a execución de resolucións xudiciais firmes. A solicitude xudicial de información esixirá resolución expresa, na cal, por se teren esgotado os demais medios ou fontes de coñecemento sobre a existencia de bens e dereitos do debedor, se motive a necesidade de solicitar datos da Administración da Seguridade Social.

1.1 O acceso ós datos, informes ou antecedentes de todo tipo obtidos pola Administración da Seguridade Social sobre persoas físicas ou xurídicas, calquera que sexa o seu soporte, polo persoal ó servizo daquela e para fins distintos das funcións que lle son propias, considerarase sempre falta disciplinaria grave.

1.2 Cantas autoridades e persoal ó servizo da Administración da Seguridade Social teñan coñecemento destes datos ou informes estarán obrigados ó máis estrito e completo sigilo respecto deles, salvo nos casos dos delitos citados, nos que se limitarán a deducilo tanto de culpa ou a remitirle ó ministerio fiscal relación circunstanciada dos feitos que se consideren constitutivos de delito. Con independencia das responsabilidades penais ou civís que puidesen corresponder, a infracción deste particular deber de sigilo considerarase sempre falta disciplinaria moi grave.»

Catro. Os actuais puntos 1 e 2 do artigo 66 pasan a constituír, respectivamente, os puntos 2 e 3.

#### Artigo 7. *Mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

Un. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo terceiro e engádeselle un parágrafo cuarto ó punto 3 do artigo 68 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«A dita colaboración levarase a cabo nos termos e condicións establecidos na disposición adicional décimo primeira desta lei e no artigo 78 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social e demais normas regulamentarias de desenvolvemento.

As prestacións, asistencias e servizos obxecto da colaboración forman parte da acción protectora da Seguridade Social e están suxeitas ó réxime establecido nesta lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.»

Dous. Incorpórase un inciso final no parágrafo segundo do punto 2 da disposición adicional décimo

primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa redacción seguinte:

«Non obstante, os traballadores que solicitasen ou soliciten a alta no correspondente réxime de Seguridade Social a partir do 1 de xaneiro de 1998 e opten por acollerse á dita cobertura, deberán formalizar esta cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. De igual modo, os traballadores que na data antes citada optasen por formalizala súa cobertura cunha mutua, só poderán modificala súa opción a favor doutra mutua.»

#### Artigo 8. *Patrimonio da Seguridade Social.*

No punto 1 do artigo 81 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, engádense novos parágrafos coa seguinte redacción:

«En todo caso, en relación cos bens inmoebles do patrimonio da Seguridade Social que figuren adscritos ou transferidos a outras administracións públicas ou a entidades de dereito público con personalidade xurídica propia ou vinculadas ou dependentes delas, corresponden a estas as seguintes funcións, salvo que no acordo de traspaso ou conforme este se previse outra cousa:

a) Realiza-las reparacións necesarias para a súa conservación.

b) Efectua-las obras de mellora que consideren convenientes.

c) Exercita-las accións posesorias que, en defensa dos ditos bens, procedan en dereito.

d) Asumir, por subrogación, o pagamento das obrigas tributarias que afecten os ditos bens.

Os bens inmoebles do patrimonio da Seguridade Social adscritos a outras administracións ou entidades de dereito público, salvo que outra cousa se estableza no acordo de traspaso ou de conformidade con el, reverterán na Tesourería Xeral da Seguridade Social no caso de non uso ou cambio de destino para o que se adscribiron, conforme o disposto na lexislación reguladora do patrimonio do Estado, serán a cargo da Administración ou entidade á que fosen adscritos os gastos derivados da súa conservación e mantemento, así como a subrogación no pagamento das obrigas tributarias que afecten a estes, ata a finalización do exercicio económico en que se produza o dito cambio ou falta de uso.»

#### Artigo 9. *Cesión de bens inmoebles.*

Dáselle unha nova redacción ó punto 4 do artigo 84 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«4. Os bens inmoebles do patrimonio da Seguridade Social que non resulten necesarios para o cumprimento dos seus fins, e respecto dos cales non se considere conveniente o seu alleamento ou explotación, poderán ser cedidos gratuitamente para fins de utilidade pública ou de interese da Seguridade Social polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta da Tesourería Xeral da Seguridade Social logo de comunicación á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado.»



### Artigo 10. *Sistema financeiro.*

Modifícase o punto 3 do artigo 87 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«3. En materia de pensións causadas por incapacidade permanente ou morte derivadas de accidente de traballo a responsabilidade do cal lles corresponda asumir ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ou, se é o caso, ás empresas declaradas responsables, procederase á capitalización do importe das ditas pensións, debendo as entidades sinaladas constituír na Tesourería Xeral da Seguridade Social, ata o límite da súa respectiva responsabilidade, os capitais custo correspondentes.

Por capital custo entenderase o valor actual das ditas prestacións, que se determinará en función das características de cada pensión e aplicando os criterios técnicos-actuariais máis apropiados, de forma que os importes que se obteñan garantan a cobertura das prestacións co grao de aproximación máis adecuado e para o cal o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobará as táboas de mortalidade e a taxa de xuro aplicables.

Así mesmo, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá establecer a obriga das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social de reaseguraren os riscos asumidos que se determinen, a través dun réxime de reaseguro proporcional obrigatorio e non proporcional facultativo ou mediante calquera outro sistema de compensación de resultados.»

### Artigo 11. *Ingreso de cotas fóra de prazo.*

Modifícase o punto 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«3. O ingreso das cotas fóra de prazo regulamentario efectuarase conforme o tipo de cotización vixente na data en que as cotas se devengaron.»

### Artigo 12. *Responsabilidade por cotizacións e outros recursos.*

Un. Adiciónanse dos novos puntos, 3 e 4, ó artigo 15 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«3. Son responsables do cumprimento da obriga de cotizar e do pagamento dos demais recursos da Seguridade Social as persoas físicas ou xurídicas ou entidades sen personalidade ás que as normas reguladoras de cada réxime e recurso impoñan directamente a obriga do seu ingreso e, ademais, os que resulten responsables solidarios, subsidiarios ou sucesores mortis causa daqueles, por concorrer feitos, omisións, negocios ou actos xurídicos que determinen esas responsabilidades, en aplicación de calquera norma con rango de lei que se refira ou non exclúa expresamente as obrigas de Seguridade Social, ou de pactos ou convenios non contrarios ás leis. A dita responsabilidade solidaria, subsidiaria, ou mortis causa declararase e esixirase mediante o procedemento recadatorio establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

4. En caso de que a responsabilidade pola obriga de cotizar lle corresponda ó empresario, pode-

rarse dirixi-lo procedemento recadatorio que se establece nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento contra quen efectivamente reciba a prestación de servizos dos traballadores que empregue, aínda que formalmente non figure como empresario nos contratos de traballo, nos rexistros públicos ou nos arquivos das entidades xestoras e servizos comúns.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 104 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. O empresario é suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotización e ingresará as achegas propias e as dos seus traballadores, na súa totalidade.

Responderán, así mesmo, solidaria, subsidiariamente ou mortis causa as persoas ou entidades sen personalidade a que se refiren os artigos 15 e 127.1 e 2 desta lei.

A responsabilidade solidaria por sucesión na titularidade da explotación, industria ou negocio que se establece no citado artigo 127 esténdese á totalidade das débedas xeradas con anterioridade ó feito da sucesión. Entenderase que existe a dita sucesión mesmo cando sexa unha sociedade laboral a que continúe a explotación, industria ou negocio, esta ou non constituída por traballadores que prestarán servizos por conta do empresario anterior.

En caso de o empresario ser unha sociedade ou entidade disolta e liquidada, as súas obrigas de cotización á Seguridade Social pendentes transmitiráselles ós socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicase.»

### Artigo 13. *Incapacidade permanente.*

Engádense dous novos parágrafos ó artigo 138.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Nos supostos en que se acceda á pensión de incapacidade permanente desde unha situación de alta ou asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período dos 10 anos, dentro dos cales deba estar comprendido, polo menos, unha quinta parte do período de cotización esixible, computarase, cara a atrás, desde a data en que cesou a obriga de cotizar.

Nos casos a que se refire o parágrafo anterior, e respecto da determinación da base reguladora da pensión, aplicarase o establecido, respectivamente nos puntos 1, 2 e 4 do artigo 140.»

### Artigo 14. *Base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns e de xubilación.*

Un. Incorpórase un segundo parágrafo no punto 4 do artigo 140 do texto refundido da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Nos supostos en que nalgún dos meses a ter en conta para a determinación da base reguladora, a obriga de cotizar exista só durante unha parte do mes, procederá a integración sinalada no parágrafo anterior pola parte do mes en que non exista

obriga de cotizar, sempre que a base de cotización correspondente ó primeiro período non alcance a contía da base mínima mensual sinalada. En tal suposto, a integración alcanzará ata esta última contía.»

Dous. Engádese un segundo parágrafo no punto 1.2 do artigo 162 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Nos supostos en que nalgún dos meses a ter en conta para a determinación da base reguladora, a obriga de cotizar exista só durante unha parte do mes, procederá a integración sinalada no parágrafo anterior, pola parte do mes en que non exista obriga de cotizar, sempre que a base de cotización correspondente ó primeiro período non alcance a contía da base mínima mensual sinalada. En tal suposto, a integración alcanzará ata esta última contía.»

**Artigo 15. *Revisión das pensións de incapacidade permanente.***

Modifícase o primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 143 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Toda resolución, inicial ou de revisión, pola que se recoñeza o dereito ás prestacións de incapacidade permanente, en calquera dos seus graos, ou se confirme o grao recoñecido previamente, fará constar necesariamente o prazo a partir do cal se poderá insta-la revisión por agravación ou melloría do estado invalidante profesional, en tanto que o incapacitado non cumprise a idade mínima establecida no artigo 161 desta lei, para acceder ó dereito á pensión de xubilación. Este prazo será vinculante para tódolos suxeitos que poidan promover a revisión.»

**Artigo 16. *Beneficiarios da pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva.***

Dáselle unha nova redacción ó parágrafo terceiro do artigo 144.1.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Os beneficiarios da pensión de invalidez, na súa modalidade non contributiva, que sexan contratados por conta allea, que se establezan por conta propia ou que se acollan ós programas de renda activa de inserción para traballadores desempregados de longa duración maiores de 45 anos, recuperarán automaticamente, se é o caso, o dereito á dita pensión cando, respectivamente, se lles extinga o seu contrato, deixen de desenvolver a súa actividade laboral ou cesen no programa de renda activa de inserción; para este efecto, non obstante o previsto no punto 5 deste artigo, non se terán en conta, no cómputo anual das súas rendas, as que percibisen en virtude da súa actividade laboral por conta allea, propia ou pola súa integración no programa de renda activa de inserción no exercicio económico en que se produza a extinción do contrato, o cesamento na actividade laboral ou no citado programa.»

**Artigo 17. *Pensión de viuvez.***

Modifícase o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 174 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«1. Terá dereito á pensión de viuvez, con carácter vitalicio, salvo que se produza algunha das causas de extinción que legal ou regulamentariamente se establezan, o cónxuxe supervivente cando, no momento do falecemento do seu cónxuxe, este, se ó falecer se encontrase en alta ou en situación asimilada á de alta, completase un período de cotización de cincocentos días, dentro dun período ininterrompido de cinco anos inmediatamente anteriores á data do feito causante da pensión. Nos supostos en que se cause aquela desde unha situación de alta ou de asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período de cotización de cincocentos días deberá estar comprendido dentro dun período ininterrompido de cinco anos inmediatamente anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar. En calquera caso, se a causa da morte for un accidente, sexa ou non de traballo, ou unha enfermidade profesional, non se esixirá ningún período previo de cotización.»

**Artigo 18. *Compatibilidade das prestacións de morte e supervivencia.***

Un. Engádese un segundo parágrafo no punto 1 do artigo 179 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«A pensión de viuvez, nos termos do segundo parágrafo do punto 1 do artigo 174, será incompatible co recoñecemento doutra pensión de viuvez, en calquera dos réximes da Seguridade Social, salvo que as cotizacións acreditadas en cada un dos réximes se superpoñan, polo menos, durante 15 anos.»

Dous. Engádese un terceiro parágrafo no punto 2 do artigo 179 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«Será de aplicación ás pensións de orfandade o previsto, respecto das pensións de viuvez, no segundo parágrafo do punto 1.»

Tres. Engádese un novo punto 6 no artigo 179 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos termos seguintes:

«6. Será de aplicación ás pensións en favor de familiares o previsto para as pensións de viuvez no segundo parágrafo do punto 1.»

**Artigo 19. *Prestacións familiares da Seguridade Social.***

Un. Modifícase a alínea d) do punto 1 do artigo 38 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«d) Prestacións familiares da Seguridade Social, nas súas modalidades contributiva e non contributiva.

As prestacións familiares, na súa modalidade non contributiva, outorgaranse de acordo coa regulación que delas se contén no título II desta lei.»

Dous. Modifícase o último parágrafo do artigo 86.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«As prestacións familiares reguladas na sección segunda do capítulo IX do título II desta lei.»

Tres. Modifícase o capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

#### «CAPÍTULO IX

#### Prestacións familiares

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> MODALIDADE CONTRIBUTIVA

#### Artigo 180. *Prestacións.*

O primeiro ano de excedencia con reserva de posto de traballo do período de excedencia de que os traballadores, de acordo coa lexislación aplicable, gocen en razón do coidado de cada fillo, natural ou adoptado, ou de menor acollido, nos supostos de acollemento familiar permanente ou preadoptivo, ou por coidado doutros familiares, terá a consideración de período de cotización efectiva, para os efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente, morte ou supervivencia e maternidade.

O período considerado como de cotización efectiva a que se refire o parágrafo anterior terá unha duración de 15 meses se a unidade familiar da que forma parte o menor en razón do coidado do cal se solicita a excedencia ten a consideración de familia numerosa categoría xeral, ou de 18 meses se ten a de categoría especial.

##### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> MODALIDADE NON CONTRIBUTIVA

#### Artigo 181. *Prestacións.*

As prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, consistirán en:

a) Unha asignación económica por cada fillo menor de 18 anos ou cando, sendo maior da dita idade, estea afectado por unha minusvalidez, nun grao igual ou superior ó 65 por cento, a cargo do beneficiario, calquera que sexa a natureza legal da filiación daqueles, así como polos menores acollidos, en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo.

O causante non perderá a condición de fillo ou menor acollido a cargo polo mero feito de realizar un traballo lucrativo, por conta propia ou allea, sempre que continúe convivindo co beneficiario da prestación e que os ingresos anuais do causante en concepto de rendementos do traballo non superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual.

Tal condición manterase aínda que a afiliación do causante como traballador supoña o seu encaдрamento nun réxime de Seguridade Social distinto a aquel en que estea afiliado o beneficiario da prestación.

b) Unha prestación económica de pagamento único a tanto global por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos.

c) Unha prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples.

#### *Subsección 1.<sup>a</sup> Asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo*

#### Artigo 182. *Beneficiarios.*

1. Terán dereito á asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo os que:

a) Residan legalmente en territorio español.

b) Teñan ó seu cargo fillos ou menores acollidos en quen concorran as circunstancias sinaladas na alínea a) do artigo anterior, e que residan en territorio español.

Nos casos de separación xudicial ou divorcio, o dereito á percepción da asignación será conservado para o pai ou a nai polos fillos ou menores acollidos que teña ó seu cargo.

c) Non perciban ingresos anuais, de calquera natureza, superiores a 8.264,28 euros. A contía anterior incrementárase nun 15 por cento por cada fillo ou menor acollido a cargo, a partir do segundo, este incluído.

Non obstante, se se trata de persoas que forman parte de familias numerosas de acordo co establecido na Lei de protección ás familias numerosas, tamén terán dereito á indicada asignación económica por fillo a cargo se os seus ingresos anuais non son superiores a 14.200 euros, nos supostos en que concorran tres fillos a cargo, incrementándose en 2.300 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

No suposto de convivencia do pai e da nai, se a suma dos ingresos de ambos superase os límites de ingresos establecidos nos parágrafos anteriores, non se lles recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles. Igual regra se aplicará nos supostos en que o acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, se constituíse por dúas persoas que formen unha mesma unidade familiar.

Os límites de ingresos anuais a que se refiren os dous primeiros parágrafos actualizaranse anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado, respecto da contía establecida no exercicio anterior, polo menos, na mesma porcentaxe que na dita lei se estableza como incremento xeral das pensións contributivas da Seguridade Social.

Non obstante, tamén poderán ser beneficiarios das asignacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo, aqueles que perciban ingresos anuais, por calquera natureza, que, superando a cifra indicada nos parágrafos anteriores, sexan inferiores á contía que resulte de sumarlle á dita cifra o produto de multiplica-lo importe anual da asignación por fillo ou menor acollido polo número de fillos ou menores acollidos a cargo dos beneficiarios.

En tales casos, a contía anual da asignación será igual á diferenza entre os ingresos percibidos polo beneficiario e a cifra resultante de aplica-lo disposto no parágrafo anterior. A dita contía será distribuída entre os fillos ou menores acollidos a cargo do beneficiario e as mensualidades a que, dentro de cada exercicio económico, se teña dereito á asignación.

Non se recoñecerá asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo cando a diferenza a que se refire o parágrafo anterior sexa inferior ó importe mensual da asignación, por cada fillo ou menor acollido a cargo non minusválido, establecida no punto 1 do artigo 182 bis.



d) Non teñan dereito, nin o pai nin a nai, a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.

2. Serán, así mesmo, beneficiarios da asignación que, se é o caso e en razón deles, correspóndese a seus pais, aqueles orfos de pai e nai, menores de 18 anos ou minusválidos nun grao igual ou superior ó 65 por cento.

Igual criterio se seguirá no suposto dos que non sexan orfos e fosen abandonados polos seus pais, sempre que non se encontren en réxime de acollemento familiar, permanente ou preadoptivo.

Tamén serán beneficiarios das asignacións que en razón deles corresponderían ós seus pais, os fillos minusválidos maiores de dezoito anos que non fosen incapacitados xudicialmente e conserven a súa capacidade de obrar.

Cando se trate de menores non minusválidos, será requisito indispensable que os seus ingresos anuais, incluída, se é o caso, a pensión de orfandade, non superen o límite establecido na alínea c) do punto 1.

3. Para os efectos do recoñecemento da condición de beneficiario, nos supostos de fillos ou menores acollidos a cargo minusválidos, non se esixirá límite de recursos económicos.

Artigo 182 bis. *Contía das asignacións.*

1. A contía da asignación económica a que se refire a alínea a) do artigo 181 será, en cómputo anual, de 291 euros, salvo nos supostos especiais que se conteñen no punto seguinte.

2. Nos casos en que o fillo ou menor acollido a cargo teña a condición de minusválido, o importe da asignación económica será, en cómputo anual, o seguinte:

a) 581,66 euros, cando o fillo ou menor acollido a cargo sexa menor de 18 anos e o grao de minusvalidez sexa igual ou superior ó 33 por cento.

b) 3.129,48 euros, cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha minusvalidez nun grao igual ou superior ó 65 por cento.

c) 4.694,28 euros, cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha minusvalidez nun grao igual ou superior ó 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realiza-los actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Artigo 182 ter. *Determinación do grao de minusvalidez e da necesidade do concurso doutra persoa.*

O grao de minusvalidez, para efectos do recoñecemento das asignacións por fillo ou menor acollido minusválido a cargo, así como a situación de dependencia e a necesidade do concurso doutra persoa a que se refire o punto 2.c), do artigo anterior, determinaranse mediante a aplicación do baremo aprobado polo Goberno mediante real decreto.

Artigo 183. *Declaración e efectos das variacións familiares.*

1. Todo beneficiario estará obrigado a declarar cantas variacións se produzan na súa familia, sempre que estas deban ser tidas en conta para efectos do nacemento, modificación ou extinción do dereito.

En ningún caso será necesario acreditar documentalmentemente aqueles feitos ou circunstancias, tales como o importe das pensións e subsidios, que a

Administración da Seguridade Social deba coñecer por si directamente.

Todo beneficiario estará obrigado a presentar, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha declaración expresiva dos ingresos habidos durante o ano anterior.

2. Cando se produzan as variacións a que se refire o punto anterior, terán efecto, en caso de nacemento do dereito, a partir do día primeiro do trimestre natural inmediatamente seguinte á data en que se solicitase o seu recoñecemento e, en caso de extinción do dereito, tales variacións non producirán efecto ata o último día do trimestre natural dentro do cal se producise a variación de que se trate.

Artigo 184. *Devengo e aboamento.*

1. As asignacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo devengaránse en función das mensualidades a que, dentro de cada exercicio económico, teña dereito o beneficiario.

2. O aboamento das asignacións económicas por fillo ou menor acollido a cargo efectuarase coa periodicidade que se estableza nas normas de desenvolvemento desta lei.

*Subsección 2.<sup>a</sup> Prestación por nacemento ou adopción dun terceiro ou sucesivos fillos*

Artigo 185. *Beneficiarios.*

1. Quen teña dous ou máis fillos terá dereito, con motivo do nacemento ou a adopción en España dun novo fillo, a unha prestación económica do sistema da Seguridade Social na contía e nas condicións que se establecen nos seguintes puntos.

Serán tidos en conta, para o cómputo do terceiro ou sucesivo fillo, tódolos fillos, con independencia da súa filiación, comúns ou non comúns, que convivan na unidade familiar e estean a cargo dos pais.

Tamén terán dereito á prestación os que, con independencia do número de fillos, cheguen a ter, con motivo do nacemento ou a adopción, tres ou máis fillos.

Para efecto do cómputo do número de fillos para ser beneficiario desta prestación, os fillos afectados por unha minusvalidez igual ou superior ó 33 por cento computarán dobre.

2. Para efectos da consideración de beneficiario da prestación será necesario que o pai, a nai ou, no seu defecto, a persoa que regulamentariamente se estableza, reúna os requisitos establecidos nos parágrafos a), c) e d) do punto 1 do artigo 182.

No suposto de convivencia do pai e da nai se a suma dos ingresos percibidos por ambos superase os límites establecidos na alínea c), punto 1, do artigo 182, non se recoñecerá a condición de beneficiario a ningún deles.

Artigo 186. *Contía da prestación.*

1. A prestación económica por nacemento ou adopción dun terceiro ou sucesivos fillos consistirá nun pagamento único de 450,76 euros, por cada fillo, natural ou adoptado, a partir do terceiro.

2. Nos casos en que os ingresos anuais percibidos, por calquera natureza, superando o límite establecido na alínea c), punto 1, do artigo 182, sexan inferiores ó importe conxunto que resulte de sumarlle ó dito límite o importe da prestación, a contía desta última será igual á diferenza entre

os ingresos percibidos polo beneficiario e o indicado importe conxunto.

Non se recoñecerá a prestación nos supostos en que a diferenza a que se refire o parágrafo anterior sexa inferior ó importe mensual da asignación, por cada fillo ou acollido non minusválido, establecida no punto 1 do artigo 182 bis.

### Subsección 3.<sup>a</sup> Prestación por parto ou adopción múltiples

#### Artigo 187. Beneficiarios.

Serán beneficiarios da prestación económica por parto ou adopción múltiples producidos en España as persoas, pai ou nai ou, no seu defecto, a persoa que regulamentariamente se estableza, que reúna os requisitos establecidos nos parágrafos a) e d) do artigo 182.

Entenderase que existe parto ou adopción múltiple cando o número de nacidos ou adoptados sexa igual ou superior a dous.

#### Artigo 188. Contía.

A contía da prestación económica por parto ou adopción múltiples será a seguinte:

Número de fillos nacidos ou adoptados	Número de veces o salario mínimo interprofesional
2 .....	4
3 .....	8
4 e máis .....	12

### Subsección 4.<sup>a</sup> Disposicións comúns

#### Artigo 189. Incompatibilidades.

1. No suposto de no pai e na nai concorreren as circunstancias necesarias para teren a condición de beneficiarios das prestacións reguladas nesta sección, o dereito a percibila só poderá ser recoñecido en favor dun deles.

2. As prestacións reguladas nesta sección serán incompatibles coa percepción, por parte do pai ou a nai, de calquera outra prestación análoga establecida nos restantes réximes públicos de protección social.

Nos supostos en que un dos pais estea incluído, en razón da actividade desempeñada ou pola súa condición de pensionista nun réxime público de Seguridade Social, a prestación correspondente seralle recoñecida polo dito réxime.

3. A percepción das asignacións económicas por fillo ou acollido minusválido a cargo, establecidas no punto 2, parágrafos b) e c), do artigo 182 bis será incompatible coa condición, por parte do fillo, de pensionista de invalidez ou xubilación na modalidade non contributiva, así como de pensionista de orfandade con 18 ou máis anos e incapacitado para todo traballo.

#### Artigo 190. Colaboración do Rexistro Civil.

As oficinas do Rexistro Civil facilitaránlle á entidade xestora a información que esta solicite acerca das inscricións e datos que figuran nelas e que poidan gardar relación co nacemento, modificación, conservación ou extinción do dereito á asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo.»

Catro. O parágrafo primeiro do punto 1 da disposición adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactado nos seguintes termos:

«Será de aplicación a tódolos réximes que integran o sistema da Seguridade Social o disposto nos artigos 137, puntos 2 e 3; 138, 140, puntos 1, 2 e 3; 143; 161, puntos 1.b), 4 e 5; 162, puntos 1.1, 2, 3, 4 e 5; 163; 165; 174, puntos 1, parágrafo segundo, 2 e 3; 175, puntos 1, parágrafo segundo, e 2; 176, punto 4, e 177, punto 1, segundo parágrafo. Igualmente, serán de aplicación as normas sobre as prestacións familiares contidas no capítulo IX do título II desta lei; a disposición adicional sétima bis e as disposicións transitorias quinta, punto 1, quinta bis e sexta bis, todas desta lei.»

#### Artigo 20. Esixencia de estar ó día de pagamento para o acceso ás prestacións da Seguridade Social.

Engádese unha nova disposición adicional, a trixésimo novena, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo novena. *Requisito de estar ó día no pagamento das cotas para efecto das prestacións.*

No caso de traballadores que sexan responsables do ingreso de cotizacións, para o recoñecemento das correspondentes prestacións económicas da Seguridade Social será necesario que o causante se encontre ó corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social, aínda que a correspondente prestación sexa recoñecida, como consecuencia do cómputo recíproco de cotizacións, nun réxime de traballadores por conta allea.

Para tales efectos, será de aplicación o mecanismo de invitación ó pagamento previsto no artigo 28.2 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, calquera que sexa o réxime de Seguridade Social en que o interesado estivese incorporado, no momento de acceder á prestación ou no que se cause esta.»

#### Artigo 21. Consentimento do interesado para efectos de remisión á entidade xestora de datos médicos, para os efectos do recoñecemento das prestacións económicas.

Engádese unha nova disposición adicional, a cuadraxésima, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésima. *Remisión de datos médicos necesarios para o recoñecemento das prestacións económicas da Seguridade Social.*

Nos procedementos de declaración da incapacidade permanente, para os efectos das correspondentes prestacións económicas da Seguridade Social, así como no que respecta ó recoñecemento ou mantemento da percepción das prestacións de incapacidade temporal, orfandade ou asignacións

familiares por fillo a cargo, entenderase outorgado o consentimento do interesado ou do seu representante legal, para efectos da remisión, por parte das institucións sanitarias dos informes, documentación clínica, e demais datos médicos estritamente relacionados coas lesións e doenzas padecidas polo interesado que resulten relevantes para a resolución do procedemento, salvo que conste oposición expresa e por escrito daqueles.»

**Artigo 22. Réxime da asistencia sanitaria dos funcionarios procedentes do extinguido réxime especial de funcionarios da Administración local.**

Engádesse unha nova disposición adicional, a cuadraxésimo primeira, no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo primeira. *Réxime da asistencia sanitaria dos funcionarios procedentes do extinguido réxime especial de funcionarios da Administración local.*

A cobertura da asistencia sanitaria dos funcionarios procedentes do extinguido réxime especial de funcionarios da Administración local, así como do persoal procedente desta última, que viñesen percibindo a prestación do Sistema Nacional de Saúde e con cargo ás corporacións, institucións ou entidades que integran a Administración local, queda para tódolos efectos sometida ó réxime xurídico e económico aplicable á continxencia comprendida na acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social.»

**Artigo 23. Modificación da Lei de procedemento laboral.**

Dáselle unha nova redacción á alínea b) do punto 1 do artigo 3 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, que queda redactado nos termos seguintes:

«b) Das resolucións e actos dictados en materia de inscrición de empresas, formalización da protección fronte a riscos profesionais, tarificación, cobertura da prestación de incapacidade temporal, afiliación, alta, baixa e variacións de datos de traballadores, así como en materia de liquidación e xestión recadatoria e demais actos administrativos distintos dos da xestión de prestacións da Seguridade Social.

Así mesmo, quedan excluídas do seu coñecemento as resolucións en materia de xestión recadatoria dictadas pola súa respectiva entidade xestora no suposto de cotas de recadación conxunta coas cotas de Seguridade Social, así como as relativas ás actas de liquidación e de infracción.»

**Artigo 24. Modificacións da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.**

Modifícanse os artigos 21, 22 e 23 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, nos termos seguintes:

Un. Dáselle unha nova redacción ó punto 3 do artigo 21, nos seguintes termos:

«3. Non comunicar en tempo e forma as baixas dos traballadores que cesen no servizo da empresa

así como as demais variacións que lles afecten ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistema de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 22, nos seguintes termos:

«1. Inicia-la súa actividade sen ter solicitado a súa inscrición na Seguridade Social; non comunica-la apertura e o cesamento de actividade dos centros de traballo para os efectos da súa identificación; e as variacións de datos ou outras obrigas establecidas regulamentariamente en materia de inscrición de empresas e identificación de centros de traballo ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 22 nos seguintes termos:

«2. Non solicitar, en tempo e forma, a afiliación inicial ou o alta dos traballadores que ingresen ó seu servizo ou a súa non transmisión polos obrigados ou acollidos á utilización de sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos. Para estes efectos, considerárase unha infracción por cada un dos traballadores afectados.»

Catro. Dótase de contido o punto 3 do artigo 22, que queda redactado nos termos seguintes:

«3. Non ingresar, na forma e prazos regulamentarios, as cotas correspondentes que por tódolos conceptos recada a Tesourería Xeral da Seguridade Social, tendo presentado os documentos de cotización ou utilizado os sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, sempre que a falta de ingreso non obedeza a unha situación extraordinaria da empresa e que o dito non pagamento de cotas e conceptos de recadación conxunta con elas non sexa constitutivo de delito conforme o artigo 307 do Código penal.»

Cinco. Suprímense os puntos 4 e 5 e dáse nova numeración ós actuais puntos 6 a 12 do artigo 22, que pasan a constituí-los seus puntos 4 a 10, respectivamente.

Seis. Modifícase a alínea b) do punto 1 do artigo 23, que queda redactado nos termos seguintes:

«b) Non ingresar, no prazo e formas regulamentarios, as cotas correspondentes que por tódolos conceptos recada a Tesourería Xeral da Seguridade Social, non tendo presentado os documentos de cotización nin utilizado os sistemas de presentación por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos, así como reter indebidamente, non ingresándoa dentro de prazo, a parte de cota de Seguridade Social descontada ós seus traballadores ou efectuar descontos superiores ós legalmente establecidos, non ingresándoos no prazo regulamentario, sempre que, nun e outro caso, non sexan constitutivos de delito conforme o artigo 307 do Código penal.»

Disposición adicional primeira. *Infraccións na orde social.*

Engádesse un novo punto 2 no artigo 96 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto-lexislativo 1/1994, do 20 de xuño,



pasando o seu actual contido a constituí-lo punto 1, todo iso nos seguintes termos:

«2. As resolucións relativas ás sancións que as entidades das prestacións lles imponían ós traballadores e beneficiarios de prestacións, conforme o establecido no artigo 47 da Lei de infraccións e sancións da orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, serán susceptibles de recurso ante os órganos xurisdiccionais da orde social, logo de reclamación ante a entidade xestora competente na forma prevista no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.»

Disposición adicional segunda. *Pensión de xubilación.*

1. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 161.3.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos termos seguintes:

«d) Que o cesamento no traballo, como consecuencia da extinción do contrato de traballo, non se producise por causa imputable á libre vontade do traballador. Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide poñerlle fin. Presumirase que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se producise por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1 desta lei.»

2. Modifícase o cuarto parágrafo da norma segunda, punto 1, da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continua-la súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide poñerlle fin. Presumirase que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se producise por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1 desta lei.»

Disposición adicional terceira. *Contas da Seguridade Social.*

Modifícase o artigo 94 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, de maneira que o actual contido do devandito artigo pasa a constituí-lo seu punto número 1 e adiciónase un punto 2 coa seguinte redacción:

«2. Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para que poida dispo-la non liquidación ou, se é o caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se estime e fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.»

Disposición adicional cuarta. *Contratación na Seguridade Social.*

Modifícase o artigo 95 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexis-

lativo 1/1994, do 20 de xuño, co obxecto de adiciónarlle a este unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«e) A situación de estar ó día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social requirida para contratar coas administracións públicas pola alínea f) do artigo 20 da Lei de contratos das administracións públicas será así mesmo esixible para o cobramento do prezo do contrato e durante a vixencia deste.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei e expresamente as seguintes:

a) O artigo 76 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) A disposición adicional décimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

c) Os artigos 2 e 3 do Real decreto lei 1/2000, do 14 de xaneiro, sobre determinadas medidas de mellora da protección familiar da Seguridade Social.

d) Os artigos 153 a 159, ambos inclusive, do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo o establecido nos seus artigos 3, 4, e 5, que entrarán en vigor o día primeiro do sexto mes seguinte ó da dita publicación.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22717** LEI 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados. («BOE» 296, do 11-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso das persoas con discapacidade ó emprego público nas distintas administracións públicas segue ofrecendo un panorama desalentador.

Aínda que existe un mandato legal explícito e moi claro na Lei da función pública a realidade é o lamentable incumprimento deste.